

Apartamentos Vida Corcubión

Praia de Quenxe,s/n

15130 Corcubión, A Coruña

Teléfono 881098207

Web www.vidahoteles.com/apartamentos-vida-corcubion/

Correo reservas@vidahoteles.com

Atención ao público e outra información de interese

- Os apartamentos resérvanse vía web ou telefónica e non teñen servizo de restaurante

Acceso e zona de atención ao público

- É unha urbanización de chalés encostados, comunicada cunha vía principal a través dunha forte pendente, dispón de espazo para aparcар dentro da propia parcela ou diante da porta.
- Para acceder ao apartamento adaptado hai unha entrada traseira que leva directamente á habitación adaptada a través dunha serie de ramplas, todas con pendentes en torno ao 10% a primeira de 15m é incómoda ao non ter descansos intermedios. Tras esa primeira rampla, seguen outras dúas de 10% de pendente, sen varandas, a primeira de 3 *m de lonxitude e a seguinte de 1,50*m que dá acceso directo á vivenda pola parte posterior.
- O itinerario accesible non está indicado con ningún símbolo ou texto. A porta é metálica abatible cara ao interior e non ten espazo plano pola parte exterior, ten 80 cm de anchura.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

VESTÍBULO E RECEPCIÓN

Localización e itinerario

- Non hai recepción ao tratarse dun apartamento independente dun establecemento.

Características

- As zonas comúns do apartamento non están especialmente adaptadas, con mobiliario como o de calquera vivenda ao uso, encimeras de altura habitual sen posibilidade de aproximación frontal.
- A mesa do comedor ten unha altura de 78cm e 65 na parte inferior é ampla e permite meter a cadeira debaixo.
- Saíndo do apartamento hai unha terraza á que se accede sen desniveis, situada #ante a porta principal.

HABITACIÓN ADAPTADA

Localización e itinerario

- Existe unha habitación adaptada con acceso directo desde o exterior (xa descrito)

Características

- A porta exterior ábrese con chave e ten un picaporte a 100cm de altura -

- A porta ten unha anchura de paso de 80 é a xa descrita anteriormente. A que separa esta estancia do resto das do apartamento non ten ningún tipo de fechadura, ten *picaporte, abre cara ao interior da habitación.
- Características do chan: pavimento homoxéneo liso, non esvaradío.-
- A anchura mínima do espazo de circulación é de 60cm entre a cama e o armario e de 80aos pés da cama, o que dificulta o acceso ao armario en cadeira de rodas.
- Pode trazarse un círculo de 1,50*m ao longo da cama.
- A cama ten unhas dimensións de 200(lonxitude) x 135(anchura) x 50(altura)
- O armario dispón de -dúas portas corredías de fácil apertura, pero a súa localización á beira oposto da cama impide o seu acceso desde unha cadeira de rodas. Ten unha barra colgadora a 170 cm de altura e baldas a distintas alturas no lado máis accesible (xunto aos pés da cama).
- Os interruptores están situados a unha altura de 100cm.
- As xanelas ábrese mediante -manilla-. O mecanismo está situado a unha altura de 140.

ASEO DA HABITACIÓN

Entrada ao aseo

- Tipo de porta -corredía-
- Mecanismo de apertura -tirador vertical sen pestillo.-
- A anchura de paso é de 78 cm

Cabina

- Diámetro viro libre de obstáculos 150cm.
- Control de iluminación -interruptor.-
- Sistema de alarma - non-.

Lavabo

- Tipo de billa -monomando.-
- A billa está situado a 52cm de fondo e 88 de altura.
- O espazo inferior de aproximación do lavabo é de 75(alto) x 60(ancho) x 57(fondo) e a altura superior é de 85
- O espello é -fixo-.
- O bordo inferior está a 120 e o superior a 200cm.
- Dispón de xaboeira, secamáns e a súa altura de uso é de 85.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 170cm.
- Conta con espazo de transferencia á beira esquerdo cunha anchura de 100cm
- Ten barras abatibles a ambos os dous lados situadas a 80 cm do chan e separadas 75cm
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 53cm
- O mecanismo de descarga de cisterna é -pulsador sobre a cisterna, a 90 cm.-, pódese activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo - medio-.

Ducha ou bañeira

- A aproximación lateral ten unha amplitude de máis de 100 por ambos os lados.
- A superficie de ducha é de 90(longo) x 90(ancho)
- O pavimento é - cerámico, antiescorregadizo-
- Hai dous biombos abatibles en ambos os sentidos que permiten a aproximación desde calquera lado e pechan os laterais abertos da ducha situada en esquina.
- Hai unha barra continua horizontal a 80cm do chan percorrendo a esquina da ducha, tanto baixo a billa como na parede adxacente.

- Non conta con asento, pero poderíase solicitar un móbil.
- A billa é -monomando- e está situado a unha altura de 120.
- O difusor é extraíble pero non pode regularse en altura, ten un soporte fixo a 180 cm do chan.

ACCESIBILIDADE VISUAL

HABITACIÓN ADAPTADA

Localización e itinerario

- A cor dos elementos do aseo contrasta cos paramentos e chan e paredes tamén contrastan entre si.

Características

- A disposición de mobiliario non obstaculiza a mobilidade de persoas con discapacidade visual.

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Aparcamento	Exterior ou dentro da parcela		Se se estaciona dentro da parcela pódese evitar parte da primeira rampla de acceso, pódese acceder ata o final da mesma con vehículo de descarga traseira, porque a anchura da mesma non permitiría saír cunha cadeira polos laterais do vehículo na parte final da rampla.
Terraza	No soportal dianteiro fronte á entrada principal.	Accesible desde o interior do apartamento sen desniveis.	Ampla, permite colocar mobiliario, pero non está equipada de ningunha maneira, é como un soportal miradoiro.